



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz "Concha do Casal"

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcrición: Paula González e Isabel Vigo

A Belén vamos, meus amiguiños,
que hai moitas festas polos camiños.

Disque naceu un Rei pequeniño
con ollos negros, pelo roxiño.

Dúrmete neno, neniño bon
dúrmete neno o-o-o,
dúrmete neno o-o-o.

Catro anxeliños con catro espadas
gardan o leito xunto da almohada.

Catro estrelañas brilan brillando
con ... xunto os seus brazos

Dúrmete neno, neniño bon
dúrmete neno o-o-o,
dúrmete neno o-o-o.

Santa María chorando a mares
fai de naiciña pra te gardare.

San Xosesiño de ollos dourados
tráenche xoguetes como un Rei Mago.

Dúrmete neno, neniño bon
dúrmete neno o-o-o,
dúrmete neno o-o-o.

Petade pouco e falar baixiño
pra que se durma o noso meniño.

Ise meniño que sono ten
dorme nas pallas sen outro ben.

Dúrmete neno, neniño bon
dúrmete neno o-o-o,
dúrmete neno o-o-o.



Petar pouco e falar baixiño
pra que se durma o noso meniño

Ise meniño que sono ten
dorme nas pallas sen outro ben.

Dúrmete neno, neniño bon
dúrmete neno o-o-o,
dúrmete neno o-o-o.